

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 9

SESION ORDINARIA DO 30 DE ABRIL DE 2007

ASISTENTES

Excma. Sra. Alcaldesa
Arias Moreira, José Carlos
Bermúdez Pérez, Silvia
Caballero Miguez, Gonzalo
Calviño Rodríguez, Xullo
Coello Bufill, Antonio
Cotobad Tombo, Elías Carlos
Couto Pérez, José Manuel
Fernández Fernández, Amador
Figueroa Vila, José Manuel
Garrido González, Alicia
Guerra Fernández, Javier Jorge

Losada Álvarez, Abel
López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Martíns Vilanova, Margarida Rosa
Méndez Piñeiro, María Xosé
Molares Pérez, Lucía Emilia
Polo Lima, María Soledad
Ruiz Cenicerros, Mauricio
Sío Lourido, Belén
Soto Ferreiro, Manoel
Toba Girón, Xabier
Viéitez Alonso, Henrique

NON ASISTEN:

Alonso Vázquez, Xulio
Comesaña Abalde, Carlos
Graña Barcia, María Luísa
Iglesias Carrera, José Manuel

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e vintecinco minutos do día trinta de abril do ano dous mil sete, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a M^a Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Caballero Míguez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Cotobad Tombo, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Garrido González, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Losada Álvarez, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón e Viéitez Alonso, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asisten os Sres. Alonso Vázquez, Comesaña Abalde, Graña Barcia e Iglesias Carrera. Están tamén presentes a membro da Xunta de Goberno Local, D^a Marta Iglesias Bueno, e mailo Interventor Xeral, don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar los asuntos da orde do día.

1.- (37).- ACTAS ANTERIORES (SESIÓNS ORD. 29.01 E 26.02, EXT. 05.03 E 21.03 E ORD. 26.03.07).

(Están ausentes os Sres. Alonso Vázquez, Comesaña Abalde e Iglesias Carrera e a Sra. Graña Barcia).

Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase aprobar as actas do Pleno da Corporación correspondentes as sesións ordinarias do 29 de xaneiro e 26 de febreiro de 2007, extraordinarias do 5 e 21 de marzo de 2007 e ordinaria do 26 de marzo de 2007.

2.- (38).-DAR CONTA DAS LIQUIDACIÓNS DOS ORZAMENTOS DO CONCELLO DE VIGO, XERENCIA DE URBANISMO, PARQUE DAS CIENCIAS VIGO-ZOO, INSTITUTO MPAL. DOS DEPORTES E ESCOLA MPAL. DE ARTES E OFICIOS (ART. 193,4 DO RDLEX 2/2004).

ANTECEDENTES.- Con data 29 de marzo de 2007 o interventor xeral dá conta do seguinte:

“En cumprimento do previsto no art. 193.5 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, remítense as liquidacións do orzamento da Entidade Local e os seus organismos autónomos administrativos, aprobadas por resolución da Alcaldía-presidencia nas seguintes datas:

- Entidade Local, resolución do 20 de febreiro.
- Instituto Municipal dos Deportes, resolución do 23 de febreiro.
- Parque das Ciencias, VigoZoo, resolución do 27 de febreiro.

- Escola Mpal. de Artes e Oficios e Xerencia Municipal de Urbanismo, resolucións do 28 de febreiro.

A documentación remitida consta de sete libros, dos que tres corresponden á liquidación da entidade local e un a cada organismo autónomo administrativo.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 23 de abril de 2007, quedou enterada do contido do expediente.

Do anterior a Presidencia da conta ó Pleno da Corporación quedando este informado.

3.- (39).- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 66/07 (CRÉDITO EXTRAORDINARIO) CON CARGO Ó REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA.

ANTECEDENTES.- Por resolución de data 17 de abril de 2007 a Alcaldía-Presidencia ordena a incoación dun expediente de modificación orzamentaria (crédito extraordinario) por un importe total de 14.955.947,71 euros con cargo ó remanente líquido de Tesourería para gastos xerais.

Segundo se sinala na memoria da Alcaldía da mesma data:

“Por Resolución desta Alcaldía-Presidencia do día da data ordenouse a incoación de expediente de modificación orzamentaria número 66/07, a financiar con cargo o Remanente Líquido de Tesourería obtido na liquidación do orzamento municipal correspondente o exercicio económico do ano 2006.

A modificación orzamentaria que se tramita corresponde á modalidade de habilitación de créditos extraordinarios por un importe total de 14.955.947,71 euros, regulado no artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais e 35 a 38 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril e Base 80º das de execución dos orzamentos vixentes.

A mesma obedece a necesidades xurdidas no marco do normal funcionamento das distintas Dependencias/Concellerías do Concello, que comportan gastos que non se poden demorar ata o exercicio seguinte, así como para dar cobertura a gastos comprometidos de carácter plurianual e outros derivados de sentenzas xudiciais firmes que requiren de dotación e para os que non existe crédito orzamentario no exercicio actual no que rexen interinamente prorrogados os orzamentos do exercicio anterior.

Inclúese así mesmo e en particular, un crédito extraordinario por importe de 904.132,19 euros para enxugar o déficit (Remanente de Tesourería para gastos xerais negativo) que se obtivo na liquidación orzamentaria do OA "Xerencia Municipal de Urbanismo" correspondente ó exercicio económico do 2006, e isto en cumprimento do requirido polo artigo 193 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 marzo. Por conseguinte, a contía de tal crédito extraordinario, a transferir á Xerencia de Urbanismo unha vez adquira, de ser o caso, carácter executivo, non se configura como un maior recurso do organismo susceptible de financiar novos ou maiores gastos da Xerencia, senón que ten como finalidade dotar ó orzamento vixente da Xerencia do superávit necesario para paliar o déficit producido pola liquidación do ano anterior.

De ser o caso, a utilización, no vixente exercicio, do importe do incoado crédito extraordinario como un maior recurso da Xerencia para financiar novos ou maiores gastos, requirirá inexorablemente acordo do Pleno da Corporación, a proposta desta Presidencia, previo informe do Interventor municipal, e sempre e cando o normal desenvolvemento do orzamento da Xerencia e a situación da súa tesourería o consintan.

Todos os gastos ós que se pretende dar cobertura coa presente modificación orzamentaria, teñen carácter específico e determinado e cónstase a inexistencia no estado de gastos do orzamento vixente de crédito destinado á finalidade específica á que aqueles atenden, no nivel de vinculación xurídica.

As partidas orzamentarias a que afecta a modificación orzamentaria proxectada recóllense en anexo a esta Memoria, ascendendo a contía de 14.955.947,41 euros."

ANEXO QUE SE CITA		
CÓDIGO PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE EUROS
4510-770.0000	Achega municipal Pazo de Congressos. Anualidade 2007	3.342.394,00
5110-724.0001	Reintegro a CZFV anticipo Convenio Vigo 2005-07	1.700.000,00
4320-410.0001	Corrección Remanente Tesourería negativo Xerencia Urbanismo. Liquidación 2006	904.132,19
4220-600.0001	Sentenza Cidade Universitaria de Bembrive	440.127,67
5110-611.0041	Sentenza Ferrovia. Certificación obra Praza Estación RENFE. Ano 1994	70.234,55
4450-611.0001	Mellora do Paseo do Lagares	168.317,00
4410-601.0002	Saneamento rúa Areal, esquina Isaac Peral	225.000,00
5110-611.0011	Instalación Contedores soterrados humanización Cruz Branca	50.000,00
4410-601.0003	Saneamento a Seara	300.000,00
4631-622.0001	Centro en Doutor Fleming	750.000,00
5110-611.0009	Instalac. contedores soterrados humaniz. Avda. Castrelos	500.000,00
5110-611.0010	Instalac. contedores soterrados humaniz. Avda. A Florida	500.000,00
5110-611.0024	Instalac. contedores soterrados humanización Alfonso X	100.000,00
4631-622.0002	Centro Sociocultural "Colexio Alemán" en A Bouza	1.291.243,00
4521-632.0001	Inversións campo fútbol (A Bouza)	150.000,00
4410-601.0005	Saneamento Rúa Olímpicos	300.000,00
5110-611.0001	Instalac. contedores soterrados humanización Travesía Vigo	1.000.000,00
5110-611.0012	Beirarrúas en Devesa Sta. Tegra	288.999,00
4410-611.0006	Saneamento en Xorsa	78.000,00

4521-632.0000	Investimentos campo fútbol (Teis)	150.000,00
5110-611.0016	Atrio Igrexa (Bouzas)	150.000,00
4631-622.0003	Centro "Finca Solita"	282.500,00
4631-625.0005	Mobiliario Centro Cultural (Valladares)	150.000,00
4631-789.0001	Escenario Centro Cultural (San Miguel de Oia)	50.000,00
5110-611.0014	Contorno C. Cultural e canalización regato Sanin (S. Andrés de Comesaña)	250.000,00
5110-611.0017	Asfaltados (Cabral)	200.000,00
5110-611.0033	2ª fase contorno Centro Cultural Bembrive	90.000,00
5110-611.0028	Atrio Igrexa de Saiáns	150.000,00
5110-611.0034	Atrio Capela do Bao (Coruxo)	75.000,00
5110-611.0035	Beirarrúas en Sárdoma	100.000,00
4410-611.0007	2ª fase abastecemento en Candean	500.000,00
4521-632.0004	Investimentos campo fútbol (Lavadores)	150.000,00
4531-214.0000	Reparacións Buque "Bernardo Alfageme"	200.000,00
5110-601.0000	Conexión vial 2º cinto con zona franca (Matamá)	300.000,00
	TOTAL	14955947,41

Con data 18 de abril o interventor xeral emite o informe preceptivo que figura no expediente e remata dicindo o que segue:

“En definitiva as modificacións orzamentarias xa tramitadas e aprobadas, mencionadas neste informe, financiadas con remanente líquido de Tesourería para gastos xerais, xa produciron un desequilibrio pola contía de remanente utilizado e tal déficit verase incrementado no financiamento previsto no expediente que se informa, polo que deberán adoptarse as medidas oportunas en orde ó cumprimento das previsións de ingresos aprobadas no orzamento vixente e ó fomento de novas liñas de recursos, todo isto encamiñado a obter unha liquidación de dereitos superior ás estimacións presupostadas, en aras de cumprir o obxectivo previsto na Lei 18/2001.”

Con data 18 de abril o concelleiro delegado de Xestión Municipal propón ó Pleno da Corporación a aprobación da devandita modificación orzamentaria e someter o expediente ós trámites de información e publicación regulamentarios.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 23 de abril de 2007, ditamina favorablemente a devandita proposta.

DEBATE.- SR. FIGUEROA VILA: Traemos a Pleno unha modificación de remanente de Tesourería por...

Neste intre, sendo as nove horas e trinta minutos, se produce unha interrupción por berros dun grupo de veciños de Coruxo afectados pola depuradora do Lagares.

Logo de que a Presidencia prega silencio por tres veces, interrómpeuse a sesión durante cinco minutos.

Continuada a sesión e dado que seguen a producirse os berros por parte dos veciños, a Presidencia, ante a incidencia de forza maior que se está a producir, anuncia que o Pleno farase a porta pechada.

Sendo as nove horas e cincuenta e cinco minutos continúaase a sesión plenaria na sala da Xunta de goberno Local.

A PRESIDENCIA: Comezamos novamente o Pleno. Estabamos no punto 3 da orde do día, por favor silencio.

SR. FIGUEROA VILA: Comezaba dicindo que hoxe traemos a Pleno unha modificación de crédito por un importe de 14,900,000 euros na que se contemplan unha serie de necesidades que ten a cidade, compromisos xa adquiridos e nalgún caso importantes como é a achega ó pazo de congresos, tamén reintegros do convenio coa Zona Franca, unha corrección de remanente de Tesourería da Xerencia de Urbanismo, varias sentenzas recaídas e que estamos obrigados a pagar e tamén unha serie de necesidades e demandas que nos presentaron varios colectivos da cidade e que en moitos casos hai consenso da Corporación, algunhas mesmo foron levadas a Pleno. Hai tamén unha importante partida para os colectores soterrados da avenida de Castrelos e Florida xa que hai un acordo coa Xunta de Galicia porque son vieiros de seu e estarían dispostos a ceder ó Concello.

Tamén se contempla un acordo que coido é de toda a Corporación de levar a cabo a construción do centro sociocultural-Colexio Alemán na Bouza; tamén unhas importantes partidas para saneamentos sobre todo para temas de inundacións que se producen acotío como na rúa Olímpicos, tamén na rúa Areal; remate dalgúns mobiliarios en centros sociais. Tamén se contempla unha conexión do vial co cinto da Zona Franca en Matamá; continuar cunha política que coido está sendo moi importante para os colectivos deportivos como é a construción de tres campos de herba sintética que sería a achega ó convenio coa Deputación.

Aquí hai un erro porque onde pon “investimento campo de fútbol de Castrelos” é o campo de fútbol da Bouza; gustaríame que se corrixisse isto e que constase na acta.

Tamén é esta modificación para o centro da Finca Solita, o atrio da Igrexa de Bouzas.

Coido que hai unha serie de obras que a maior parte son demandadas pola cidadanía e sería importante comezar a súa tramitación. En calquera caso son obras demandadas que teñen un razoamento e unha explicación lóxica para que se leven a cabo o máis axiña posible. Sobre todo tamén contemplar esas achegas en anualidades que ó non ter orzamento quedarían pendentes e coidamos que sería importante tramitalas o máis axiña posible.

Este é o motivo desta modificación de remanentes por importe de 14 millóns; coido que están os informes correspondentes e que aínda quedarían ata 25 millóns de euros que é unha cantidade razoable.

Polo tanto presentamos a Pleno esta modificación de remanentes que coidamos importante cara ás melloras e sobre todo ás demandas que presentan moitos colectivos da nosa cidade.

SR. VIÉITEZ ALONSO: En primeiro lugar temos que nos preguntar sobre as razóns reais de por que o goberno municipal a menos dun mes das novas eleccións que determinarán unha nova Corporación tráenos unha modificación de crédito. Sinceramente non lle atopamos unha explicación razoable habida conta que mesmo na mesma comisión informativa solicitamos que se nos facilitaran detalles, proxectos, memorias, en definitiva “calquera cousa” que nos permitira coñecer ata onde chegaba calquera destas propostas, o seu contido e nos facilitara o labor entendendo que se realmente o goberno cría nesta proposta así o faría. A data de hoxe aínda estamos agardando e iso que se comprometeu, polo menos a representación do goberno que estaba na comisión informativa. Insistimos en que a data de hoxe aínda estamos agardando pola documentación de calquera destas propostas que traen vostedes aquí.

Entendemos que vostedes nin facilitaron á oposición, en concreto ó BNG, esa documentación e polo tanto tamén dá a impresión sincera que non cren nesta proposta a non seren que sexa munición para o que veñen gastando ultimamente para a campaña electoral. Dá a impresión que teñen algún nerviosismo, igual non lles saen as contas e os argumentos que utilizaron ata agora non son suficientes e precisan máis, estilo cartas da alcaldesa á cidadanía, etc. Repito de novo que

sinceramente non atopamos outra explicación se realmente cren niso porque cando menos nos facilitarían unha memoria valorada ou calquera documentación. Non é ese o caso, non facilitaron o labor e polo tanto esta proposta non é crible porque a maiores non é só que esteamos a menos dun mes das eleccións municipais, que non fixeran operativa esta modificación de crédito nesta Corporación porque cando menos tardará uns dous meses en seren operativa e polo tanto farase fóra desta Corporación.

Pero a maiores disto lémbrense de que acabamos de aprobar unha acta do 29 de xaneiro e é curiosa esa coincidencia porque ese día se produciu o que o goberno deu en chamar a súa proposta de orzamentos para o ano 2007. Non me vou remitir a aquel debate pero si ó contido da proposta do goberno. Repasen vostedes todas e cada unha destas propostas que traen e a ver cales estaban contidas na proposta de orzamentos, a ver se son quen de atopar algunha. Á penas pasaron dous meses dende o último debate e sen embargo volvemos outra volta a improvisar sobre o improvisado. Como ben definiu o concelleiro de Facenda se o documento máis importante dun goberno municipal de xeito anual é a proposta de orzamentos, se daquela non se contemplaba é que ou non crían naquela proposta de orzamentos, ou non cren nesta, ou non cren nas dúas, a non seren que se estea improvisando de xeito continuo.

Hai algunha das propostas que vostedes fan que non se poden aceptar baixo ningún concepto. Vostedes están falando dos colectores da avenida de Castrelos e Florida, din que teñen un convenio coa COTOPV, non o coñecemos; en todo caso ímonos fiar da súa palabra pero o que si é certo é que non o podemos aceptar porque ese non debe ser o criterio desta corporación. Que fixo a Corporación anterior cando quería recibir vías que non eran da súa competencia? Facer un proxecto completo, exhaustivo, urbanizar esas vías absolutamente con todos os servizos e logo recibilas en condicións, evidentemente co compromiso das manter posteriormente, cousa que non quedaría máis remedio.

Póñolles por exemplo a avenida de Madrid vella, outro exemplo é a vía que neste momento está sen rematar e estase construíndo en Teis. Nese sentido cando realmente un vial non é noso pero o Concello entende que xa cumpre outra función, que xa non é unha vía interurbana, senón urbana como é o caso destas dúas e nós estamos porque as reciba o Concello para que logo poida actuar no sentido que

queira, pero non podemos empezar nós con algo que non coñecemos porque non coñecemos o convenio e en segundo lugar as obras da Consellería tampouco empezaron e por iso debe ser a administración que sexa, como fixemos con Arquitecto Palacios ou mesmo coa avenida do Aeroporto, quen ten que asumir a dotación dos servizos desas vías que non son municipais na súa totalidade na súa totalidade é a administración correspondente e logo nós recibilas.

Polo tanto nese sentido non son cribles nin moito menos os argumentos que se deron, caen polo seu propio peso e polo tanto nós non lles aceptamos esta modificación.

Si facemos unha emenda no sentido de que para nós hai tres aspectos ineludibles, compromisos adquiridos, ben derivados de sentenzas ou de acordos con outras administracións, polo tanto pásolles a relatar a emenda que nós admitiríamos.

Trata en concreto da achega municipal ó pazo de congresos, anualidade do 2007, a Sentenza da Cidade Universitaria de Bembrive e tamén a Sentenza de Ferrovia. Son sentenzas en firme que o Concello debe asumir e polo tanto a nosa emenda vai nese sentido coas cantidades que están consignadas na proposta que vostedes traen.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Moi breve porque coido que todos coñecemos que unha modificación orzamentaria se fai fundamentalmente sobre gastos que non se poden demorar para o exercicio seguinte. Coido que todos temos perfectamente claro que hai unha situación política que indica que non hai que esperar ó exercicio seguinte para que as cousas que se teñan que facer nesta cidade se poidan facer a partir do 27 de maio, é dicir, temos dous meses, coa toma de posesión e demais, para que a nova Corporación tome as decisións que estime oportunas sobre as necesidades máis urxentes para a cidade porque vai ser valorada na súa primeira xestión, entre outras cousas, por esas decisións que tome e non se trata hoxe de facer electoralismo.

Polo tanto e sen me estender máis, dicir que apoiamos a proposta de emenda que fixo o grupo municipal do BNG. Eu engadiría e pediríalles que o consideraran porque tamén é un compromiso firme que nos pode gustar máis ou menos pero que está aí, o reintegro á Zona Franca do anticipo do convenio VIGO 2005-2007. Pediría que tamén se achegara a esa emenda proposta polo BNG para que poidamos aprobar

en efecto a parte máis de compromiso desta modificación orzamentaria que se propón.

É dicir, a anualidade 2007 do do pazo de congresos, o reintegro á Zona Franca do anticipo do convenio VIGO 2005-2007, a sentenza da Cidade Universitaria de Bembrive e a sentenza Ferrovia sobre a Praza da Estación de RENFE.

SR. SOTO FERREIRO: Para nós é máis que dubidoso que aprobar estas modificacións de crédito, dito en xeral, non produzan desestabilización orzamentaria. Como é dubidoso e hai informe da intervención máis-menos de dúbidas pero non contundente, pois nos quedamos nas dúbidas para seren igual de lasos na interpretación que se lle dá desta intervención.

Sendo así comprendemos absolutamente que se paguen as sentenzas, o que é de sentenza firme se ten que pagar, totalmente de acordo, son gastos incontrovertibles e hai que responder ó que nos ven dos tribunais de xustiza.

Hai un tema que é absolutamente grave para Vigo que é o do pazo de congresos e polo tanto que por nós de ningún modo se poida producir ou buscar a máis mínima desculpa para que poida haber atrasos.

Para min é máis que dubidoso que teñamos que votar o tema de Zona Franca porque en primeiro lugar estamos no ano no que hai que o pagar e en segundo que eu non estou de acordo co convenio que no seu día se fixo con Zona Franca, nin sequera estou de acordo co que está a facer, rectifico, co que non está a facer Zona Franca nos últimos anos. Sempre colle a desculpa de dicir que non son temas que lles competan "*strictu sensu*" a Zona Franca pero é que entón ó mellor non lle competiría ren porque en calquera tema que teña que entrar e traballar vai ter un solape con outras institucións.

Zona Franca pódese entender de moitos xeitos, o máis universalmente aceptado é que se pode entender como axencia de desenvolvemento; pois ó mellor non tería que facer Zona Franca de banco para lle prestar cartos ó Concello de Vigo que é todo o que fai neste tema, fixo un préstamo que temos que devolver. Na miña opinión este é un mal convenio feito por este goberno para poñer rúas a lucir daquela e ter que pagar agora inmediatamente despois.

Dicía que é un mal convenio que cumpriría arranxar. Eu xamais me negaría a este pagamento a Zona Franca, está asumido por unha administración lexítima e polo

tanto tamén entendo que se ten que asumir, pero a min si que me gustaría que a vindeira Corporación tivese capacidade de volver negociar este tema con Zona Franca. Digo volver negociar nun sentido amplo, non ó mellor para deixar de pagar iso, senón para meter responsabilidades de Zona Franca cara esta cidade en moitas cousas.

Eu só lles vou deixar un par de interrogacións; se a Zona Franca, con razón, estaba metida no desenvolvemento da Plisan e logo retírase, estaba no desenvolvemento dos cascos vellos, iso pode ser entendido como desenvolvemento? Os cascos vellos en todas as cidades do mundo son como locomotoras, pero tamén podería moi "*strictu sensu*" entender que non cadra na axencia de desenvolvemento pero, é algo que afecte ó desenvolvemento do Porto? E ó aeroporto? Por que non temos unha pista de catro quilómetros? Faría falla un investimento de 5.000 millóns de pesetas. Señora presidenta de Zona Franca, non din que ten tantos cartos Zona Franca no peto? Quen está turrando para que Zona Franca se ocupe realmente de facer o que debe nesta cidade? Señora alcaldesa, vostede vendeu a Vigo por un prato de lentellas que é este préstamo que agora temos que devolver. É máis, temos que devolver as lentellas, polo tanto nin lentellas nos tocaron neste acordo de seu. Nós non estamos de acordo en absoluto co que se fixo con Zona Franca, nin co que está a facer Zona Franca.

Gustárame pedirlle ó Partido Socialista que deixaran este tema para que a vindeira Corporación, con outras miras, teña outra capacidade de negociación tamén. Tamén dicir que se se empeñan non será o Partido Galeguista quen se opoña ás súas intencións, non temos tampouco ningunha intención de abrir frontes anti-Zona Franca, pola contra queremos colaborar moito máis estreitamente con Zona Franca e a min seméllame que non se soubo facer iso dende o Concello de Vigo.

Ditas todas estas cousas, nós tamén estamos dispostos a aceptar dende logo as emendas que fixo o BNG e se vostedes non a retiran, señores do Partido Socialista, tamén a súa pero a apoiamos daquela maneira, con todas as reticencias e dispostos a abrir outro tipo de frontes de negociación no futuro.

Non falei do demais aínda que está implícito na miña primeira intervención se isto crea ou non desestabilización orzamentaria. Paréceme que a menos dun mes dunhas eleccións, señora alcaldesa, hai tempo abondo para que realmente isto se faga en tempo e forma. Son cousas que vostedes non terían nin tempo para

materializar. Paréceme que é unha proposta-trampa a que fan vostedes que contén unha mentira en si mesma porque non van ser quen de desenvolver isto aínda que se aprobe. Señora alcaldesa, nos últimos tempos están a dicir cousas que non se corresponden coa realidade, eu acabo de recibir unha carta na miña casa de vostede e xa lle contestarei ás mentiras que di outro día.

SR. FIGUEROA VILA: Para consumir o tempo da miña quenda como voceiro do noso grupo dicirllas que nós presentamos esta modificación de créditos contra remanentes, é certo que é un tema excepcional pero tamén o é que os orzamentos non teñen nada que ver. Nós temos un compromiso político como xa dixemos, que se seguimos gobernando nesta cidade o primeiro que imos facer é levar o orzamento que xa se levou a Pleno para o aprobar.

As accións de cada grupo amósanse con vontades políticas. Esta é unha vontade política clara de levar a cabo unha serie de peticións que fixeron uns colectivos. Coido que é razoable e consecuente co que nós viñemos traballando nos últimos meses e por iso se trae esta modificación de créditos, porque pensamos que é importante e urxente, que a cidade a necesita. En calquera caso todas estas cuestións teranse que levar a cabo, son compromisos adquiridos.

Nós somos un goberno serio, responsable e non queremos que suceda como cando chegamos ó goberno que tivemos que aprobar un orzamento e dos 20 millóns de euros que levaba máis da metade eran débedas pendentes, polo tanto non queremos que unha Corporación teña que asumir débedas pendentes, sexa do mesmo goberno ou non. Por iso traemos isto aquí, porque coidamos que é de responsabilidade, de rigor con respecto a un goberno. Se nós tiveramos a posibilidade política de ter unha maioría suficiente para poder sacar cara adiante os orzamentos non estaríamos nesta situación.

En segundo lugar, aquí se din verdades a medias porque é certo que a avenida de Castrelos e Florida son da Xunta de Galicia, tamén é certo que se fixeron acordos con outras administracións para cesión de vieiros, pero o que non se di claramente é que con estes vieiros se produce unha profunda transformación, non é única e exclusivamente o mantemento, é que son vieiros nos que se amplían as beirarrúas, onde se melloran os saneamentos e abastecementos na zona; mellóranse as redes de todas as infraestruturas e por suposto estamos falando dun investimento de

máis de 12 millóns de euros dos que o Concello aporta un millón. Parécenos razoable porque non se fai o normal de mellora e de mantemento en calquera vial, senón que se está facendo unha profunda transformación e ademais é un proxecto que se lle remitiu dende o propio Concello onde se traballou con el á Xunta de Galicia quen o asumiu pero dixo que para facer esta obra na que eles están de acordo tamén con que a mellora poida ir nesta liña, que o Concello achegase o soterramento dos colectores que noutro caso o facían eles.

As demais obras que están aquí van contra un remanente líquido de Tesourería que ven da boa xestión dos orzamentos, coido que iso non lle ten que sorprender a ninguén.

Polo tanto penso que o que está a facer o goberno é unha proposta razoable, coherente, sen ningún tipo de trampa como di o Sr. Soto, senón que é para necesidades que ten esta cidade. Como vostedes comprenderán aquí non hai ningunha alegría, ningún brindé, ningunha cuestión que poida ser dubidosa politicamente, coido que todas as peticións aquí reflectidas están apoiadas por demandas de colectivos importantes desta cidade.

En calquera caso o que anunciamos claramente é que este goberno se ten a opción de repetir nesta cidade, vai presentar esta cuestión dos orzamentos que xa presentou ó remate do ano 2006 para o ano 2007 e estes colectivos van ter a seguridade que nós imos levar a cabo as súas peticións. Penso que é unha postura razoable, seria, coherente e sen ningún tipo de busca de enfrontamentos coa oposición. Esa é a postura do goberno e polo tanto imos seguir defendendo a nosa proposta.

SR. VIÉITEZ ALONSO: Coido que o Sr. Figueroa ó final redundou na posición do BNG cando di “na seguinte Corporación se seguimos gobernando”. Iso é o que dicimos nós, Sr. Figueroa, a seguinte corporación é a que vai presentar estas e outras necesidades, entre outras cousas porque vostedes non van executar esta modificación de crédito, non é nin tan sequera por falla de eficacia, senón por imposibilidade material porque hai que cumprir trámites. Nese sentido que sexa a seguinte Corporación, saída democraticamente das urnas, quen xestione estes temas e outros, os que considere oportunos porque esta cidade ten moitas necesidades.

Señores, a vontade política dun goberno reflíctese nos orzamentos e repito novamente que isto non estaba contemplado neles. Dous meses para estes temas sinceramente é moi pouco tempo, isto é produto da improvisación e de seguir bombardeando ós cidadáns con cartas que nada teñen que ver coa realidade.

Sobre o tema de que a avenida de Castrelos e Balaídos van sufrir unha profunda transformación, evidentemente nós estamos por ese labor como estivemos pola avenida de Madrid ou por Sergio Saborido que non existía, pero a avenida de Madrid que estaba presupostada por vostedes en 197 millóns, pasou co noso goberno a 780 millóns de pesetas porque efectivamente quen coñecía e coñece a avenida de Madrid vella evidentemente nos dará a razón que sufriu unha enorme transformación e esa transformación asumíuna a administración propietaria desta vía que neste caso era a Xunta. Ese mesmo trato é o que pedimos para os demais vieiros.

Por último, coido que coñecen perfectamente tanto o noso criterio como a nosa posición de voto a respecto de VIGO 2005-2007 e non será cuestión da repetir aquí. Agora ben, en función dos criterios que se puxeron enriba da mesa e co criterio do que falamos ó principio de que é un compromiso que se adquiriu con outra administración aínda que esta sexa un ente autónomo, estamos dispostos a aceptar esa emenda que se fai á nosa emenda dende o Partido Socialista e en todo caso estaríamos dispostos a recoller estes catro conceptos para que se pagaran. Agora ben, para estes mesteres poderíamos realmente dende o propio Concello realizar as obras doutro xeito e non llas dar a outra administración á que lle temos que devolver agora os cartos, nada máis. Coido que deberamos aprender para o futuro.

A PRESIDENCIA: Aceptan a emenda?

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Moi brevemente para agradecer o apoio á ampliación da nosa emenda e exclusivamente para deixar unha cousa moi clara: tamén compartimos a posición política que comentou o Sr. Soto na súa intervención e precisamente por iso queremos resolver isto nesta Corporación, para que supoña un punto e á parte do que teñen que ser as novas relacións para un futuro entre o Concello e Zona Franca. Estamos convencidos que de cambiar a situación política, como así o cremos, dende logo esas relacións van ser profundamente diferentes e

moito máis favorables para a cidade como xa se amosou con algunha cuestión concreta recentemente respecto do túnel de Bouzas no convenio entre Porto e Zona Franca.

SR. SOTO FERREIRO: Reitérome no que dixen. Estou disposto a aceptar as súas emendas, o criterio do Sr. Calviño pode valer ou pode valer o meu. Polo tanto xa dixen de antemán que se vostedes manteñen a súa emenda eu lla ía aceptar e aceptada está.

Sra. alcaldesa, faltoume antes dicir que non nos queira facer comungar con rodas de muíño. Non paran de facer elementos propagandísticos electorais dende a Alcaldía. Non é que non saiban diferenciar, é que non queren diferenciar, é que lles interesa confundir ós vigueses porque un día falan dun plan nunha parroquia, outro día doutra, todo é un novo algo, pero de novo non hai máis que declaracións de intencións electorais. Baixen vostedes á area electoral da que vostede está fuxida, Sra. Alcaldesa, porque está facendo campaña electoral na agachada e mesturada na Alcaldía de Vigo, envolvida na bandeira de Vigo que hai na Alcaldía.

Baixen vostede á area electoral, discuta os proxectos coas demais forzas políticas, coa mesma lexitimidade que outras forzas políticas que temos outras ideas e a partir daí separará vostedes o que é o traballo institucional que nós queremos respectar, naturalmente, do que é un traballo electoral ó que ten tanto dereito como temos calquera. Vostede está mesturando todo e este plan que trae hoxe é parte desa mestura, é parte de enganar ós cidadáns dicindo que isto se vai facer porque como dicía o Sr. Viéitez con razón, aínda que llo aprobemos non serán quen porque é imposible de realizar no mes que queda e entón, se o vai realizar outra Corporación, por que o aprobar agora se o mellor cambia de criterios?

Voulle dar outro exemplo máis. Por que vostedes cando falan con outra administración fano tan mal como na nosa opinión se fixo nos últimos tempos? Por que non falan de que hai que contemplar os temas separativos na rede de saneamento? Para que ano, para que século van deixar os sistemas separativos que todos poñen falando do medio ambiente nos programas electorais pero que logo semella que a ninguén lle interesa abordar? Hai outros criterios para abordar cousas coas que vostedes, insisto, están aquí a xogar electoralmente. A min paréceme que

están facendo unha operación de pura propaganda electoral e ás veces con cousas que non son certas.

Antes comentei que, para non deixar unha expectativa tampouco esaxerada e que poida parecer intencionada, lles ía dicir que eu recibín unha carta de seu, Sra. alcaldesa, son un dos estimados veciños “A” e no seu primeiro parágrafo di: “As parroquias foron ó longo de máis de tres anos de mandato unha prioridade para o Goberno municipal”. Pois quen o diría, péreceme que as prioridades de investimento foron para o centro de Vigo.

Iso pode ser unha opinión que logo non se traduciu na práctica pero logo din algo que é absolutamente falso. Vostede está mentindo ós vigueses, Sra. Alcaldesa, cando di: “Así naceu o primeiro plan de parroquias, plan que non puidemos desenvolver na súa totalidade ó non obter o apoio do Pleno”. Falso, vostedes non o quixeron votar e xa llo demostrei cunha acta. Emprázoos e diante dos medios de comunicación dígolles que lles vou facer chegar esa acta para ver quen di a verdade nisto e quen non.

Cando nun Pleno se abstén o Partido Socialista, nós propoñemos que se vote o Plan de parroquias, máis as ideas de saneamento do Partido Socialista, máis o que non estaba comprendido nese plan e que propoñía o BNG e vostedes elixiron coa súa votación pactar co BNG e desprezar o Plan de parroquias. Se vostedes tivesen votado con nós a nosa proposto que por certo era a máis conciliadora porque comprendía todo, estaría xa aprobado o Plan de parroquias e vostedes non quixeron porque tiñan un pacto político co BNG, cousa que é o seu dereito, pero explíqueno e non lle mintan á cidadanía dicindo que o Pleno non lles permitiu aprobar o Plan de parroquias.

Non llo permitiu porque vostedes non quixeron porque se tiveran votado a favor cos seus votos e mailos nosos, a abstención do PSOE e ó mellor o voto en contra do BNG, que non o sei, porque presentaba un Plan separado e non quería ningunha outra cousa.

O BNG nunca quixo o Plan de parroquias e eu non teño que lle facer imputacións nese sentido; podo ter e teño diferencias de opinión nese tema con eles pero foi o seu comportamento o que foi politicamente desleal. Logo diso que teñamos que aturar os veciños e os que vivimos esta historia que nos diga que foi o Pleno que non lle deixou aprobar o Plan de parroquias... Polo amor de Deus.

Vou trasladar ós medios de comunicación esa acta que demostra o que lle digo e se non é así déixeme quedar por mentireiro. Se non é así e para non dicir que a alcaldesa de Vigo é unha mentireira digamos que quen lle fixo asinar iso confundíuse.

SR. FIGUEROA VILA: Coido que hai corporativos que non se len nin nas Xuntas de Goberno. Pola Xunta de Goberno deste Concello dende que gobernamos na cidade de Vigo pasaron por execución e licitación 356 millóns de euros e esta Corporación a este Goberno, de tres posibilidades de orzamentos só lle aprobou unha. Se queren collan a cinta e rebatémolles o que queiran, se queren nun debate público pero con datos porque non imos permitir baixo ningún concepto que ninguén diga que mentimos porque non é así.

Vou dar datos concretos e estou disposto a defendelos onde queiran. O que di a alcaldesa na carta é certo o que pasa é que a algúns moléstalle. O investimento en parroquias foron 137 millóns de euros; só en saneamento 32 millóns; licitación do parque de Barreiro, unha piscina que está a piques de se rematar; dúas que están piques de se licitar; nove campos de herba sintética que seguramente vostedes nin coñecen porque nin van ás inauguracións; seis construídos e tres en construción; pistas polideportivas; garderías; 300 camiños asfaltados; 185 quilómetros asfaltados no rural da nosa cidade.

Podía seguir con todos os exemplos que queira, parroquia a parroquia e se queren facemos un debate público onde queiran sobre todas as parroquias de Vigo, en calquera programa, con datos, non coa boca pequena, imos ás actas da Xunta de Goberno e quitamos de alí todas adxudicacións, unha por unha. Claramente están mentindo.

Dígolles que nas parroquias de Vigo se investiron 137 millóns de euros cun orzamento de só 10 millóns deste Concello pola súa culpa, por non quererem aprobar os orzamentos. Este Goberno en tres anos tivo un único orzamento no que once millóns de euros eran para pagar débedas anteriores polo tanto o que lle posibilitou esta Corporación a este Goberno foron nove millóns de euros deses 356 que se adxudicaron e licitaron na Xunta de Goberno.

Só en campos de fútbol hai mil millóns das antigas pesetas; en piscinas estamos por riba do 14/15 millóns de euros; en saneamento 32. Só neses tres datos reais

que lles dou son 52 millóns de euros. Se quere tamén falamos de Bembrive que recibiu o maior investimento da historia desta cidade. Tamén Beade, Zamáns, Valladares, Cabral, doulle un a un todos os datos que queira. De verdade que coido que vostedes non coñecen os datos, transmiten unha mensaxe e queren quedar ben dicindo que só se investiu no centro. Pois non é certo, fíxose un investimento equilibrado entre as parroquias e o centro da nosa cidade.

Estou disposto a acudir onde queiran para discutir estes datos, se queren un debate público cos catro grupos políticos, nun medio de comunicación, neste Concello ou onde queiran. Eu só vou coller datos da Xunta de Goberno dende que comezamos o día 13 de decembro ata ó remate do noso mandato porque nós imos gobernar ata o último día porque así nos corresponde e tomaremos todas as decisións que consideremos que debemos tomar. Esta é unha. Xa rematou transixir e estar calados.

Traian vostedes os datos dun mandato, o que queiran, e póñanos enriba da mesa, se queren Xuntas de Goberno de cando gobernaron vostedes, fagan ese traballo como nós o fixemos e así temos os datos como os queiran: por parroquias, humanización, saneamento, instalacións deportivas, camiños asfaltados, etc. Se queren lles digo un a un; dígolles un camiño asfaltado e se queren imos alí e mirámolo fisicamente, miren a seguridade que temos nós no que fixemos.

O que pasa é que hai un dato que vostedes non din pero hoxe si o vou dicir eu: como estaba a cidade cando chegamos nós? Como estaban moitas parroquias como Zamáns que non tiña nin unha casa con saneamento? É certo que se avanzou moito nesta cidade durante moitos anos pero tamén é certo como estaban os mantementos das beirarrúas nesta cidade e como seguen nalgúns casos, pero vostedes non lles din á cidade que só nos permitiron aprobar un orzamento, non lle din que dese orzamento de 20 millóns só tiñamos nove millóns reais para executar porque once eran de débedas anteriores.

Como lle poden reclamar algo a un Goberno cando saben que non lle facilitaron o labor para o quitar adiante? Porque aínda así houbo que buscar fórmulas de xestión nas que algúns non crían como o Pazo de Congressos, que xa non é que o importante investimento que se fixo fora de institucións públicas ou privadas, senón que o máis importante é que cando se abra ese edificio o custo para o Concello é

cero, non como o Verbum, ou o Marco, ou outros máis que o gasto corrente nos asfixia. Esas son as xestións que fixeron vostedes.

Nós imos deixar xestións de instalacións, como por exemplo as piscinas, que se van construír con custo cero para o Concello pero tamén logo con gasto corrente cero. Esa é a xestión que tivemos que tentar de buscar mecanismos e fórmulas porque non tiñamos cartos. A urbanización de Barreiro que custa tres millóns e medio de euros con custo cero para o Concello porque se quitaron a licitación as vivendas de protección e con eses cartos que se ingresaron se fixo a urbanización.

A fórmula de xestión é menos gastos para o Concello de investimentos pero cando se poñan esas instalacións en marcha, gasto corrente cero. Poño só o exemplo do pazo de congresos contra o Verbum e o Marco que xestionaron vostedes e que non baixamos de dous millóns de euro de gasto corrente ó ano entre as dúas instalacións que pagamos todos os vigueses e viguesas do noso orzamento. O Pazo de Congresos, cun investimento de 90 millóns de euros, cando abramos as portas o Concello terá a utilización durante uns días con custo cero. Cando fagamos os orzamentos van saber o que significa iso. Cando queiran facemos ese debate, poñan vostedes a data.

SR. SOTO FERREIRO: Vostede ten unha tendencia a coller un ventilador para uniformar e dicir que todos os demais son malos e eu son bo pero non me deixan. O seu discurso, que se o fixera parcial podería ter algunha razón, na súa totalidade é falso cando se dirixe ó conxunto da Corporación e din que non lle deixaron aprobar os orzamentos.

A primeira mentira por omisión é que vostedes mesmos non quixeron presentar uns orzamentos; outros presentáronos non sei cantos meses logo do que correspondía legalmente e cunha mínima posibilidade de eficacia, polo tanto vostedes xogaron politicamente con iso. Ademais diso o Partido Galeguista nunca xogou a obstruírle ós orzamentos polo tanto ese discurso uniforme é falso polo menos na parte que a min me corresponde.

En canto ó pazo de congresos, que é a única grande realización que hai nesta etapa, todos lembramos aquela foto da terraza co Sr. Cuíña, polo tanto xa está ben de se adornar con plumas alleas. O pazo de congresos ven da anterior Corporación; nesta fixéronse unha serie de reformas, algunhas por certo positivas, eu viña

clamando porque se puxera o solo e todos miraron para o tendido cando se tiraron mil millóns de pesetas das arcas municipais e logo houbo que o facer como estabamos fartos de dicir nós dende hai anos, houbo que facer unha reforma que vostedes asumiron e iso é positivo e eu non llo nego. Pero pretender que o pazo de congresos, as súas consecuencias e a súa adxudicación e cousa de seu, por favor, é cousa da Corporación porque todos intervimos, uns máis e outros menos. Por tanto esa mentira de se emboscar para confundir a parte co todo realmente é o que é.

Repito que o que di na carta da Alcaldesa é falso que diso non fala. Vostedes non votaron o plan de parroquias porque non quixeron.

Por último xa lle digo que no nome do Partido Galeguista acepto encantado o debate na área electoral. Escollan vostedes entre números uns ou dous das candidaturas, dáme igual, como queiran, está aceptado publicamente. Se non queren os demais, tamén aceptamos que sexa entre vostedes e nós, dos números uns das candidaturas ou dos números dous, como queiran.

Emenda formulada polo voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Toba Girón, durante o curso do debate:

Aprobar a modificación orzamentaria unicamente no que se refire ós gastos comprometidos da achega municipal ó Pazo de Congresos, sentenza de terreos da Cidade Universitaria e sentenza Ferrovial por obra da Praza da Estación.

Emenda formulada polo voceiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Calviño Rodríguez, durante o curso do debate:

Incluír na modificación orzamentaria os gastos referidos ó reintegro ó Consorcio da Zona Franca de Vigo, convenio Vigo 2005-2007.

A Alcaldía-Presidencia somete a votación conxuntamente ambas emendas como emenda alternativa á proposta de acordo que se transcribe nos antecedentes.

(Está ausentes os Sres. Alonso Álvarez, Comesaña Abalde e Iglesias Carrera e a Sra. Graña Barcia).

VOTACIÓN E ACORDO: Con quince votos a favor dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Garrido González, Losada Alvarez, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón, e Viéitez Alonso, e dez abstencións dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, acórdase:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación orzamentaria número 66/2007, relativa ós seguintes gastos comprometidos:

- Achega municipal Pazo de Congressos, anualidade 2007	3.342.394,00
- Reintegro ó Consorcio da Zona Franca de Vigo, convenio 2005-2007	
	1.700.000,00
- Sentenza terreos Cidade Universitaria	440.127,67
- Sentenza Ferrovia obra Praza Estación RENFE, ano 1994	<u>70.234,55</u>
	IMPORTE TOTAL EUROS
	5.552.756,22

Segundo.- Someter o expediente ós trámites de información e publicación previstos no artigo 169 do Real decreto legislativo 2/2004, Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. De non se presentar reclamacións ou alegacións ningunhas no prazo de exposición pública, o acordo inicial elevarase a definitivo, entrando en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Explicación de voto do Sr. Figueroa Vila polo Goberno municipal:

Nós consideramos que a proposta da emenda é insuficiente, que sería mellor para esta cidade na totalidade. Tamén sabemos que esas partidas son necesarias e por iso nos abstemos pero queremos que quede esta aclaración.

En cumprimento de acordo plenario, neste intre a Corporación e máis todos asistentes na Sala da Xunta de Goberno, postos en pé gardan un minuto de silencio polas mulleres mortas pola violencia de xénero.

4.- (40).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PG
INSTANDO O FINANCIAMENTO DUN TREN ESPECIAL PARA ACOMPAÑAR
O RC CELTA NO SEU PARTIDO CONTRA A REAL SOCIEDADE.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de abril de 2007, o voceiro do Grupo Municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro, formula a seguinte moción:

“Lembro que cando era Alcalde de Vigo no Concello puxemos a disposición dos afeccionados un tren especial para irmos a Sestao, onde o Celta se xogaba o ascenso á primeira división. E ascendeu en parte grazas ó apoio daqueles afeccionados.

Agora as circunstancias son que posiblemente o Celta se xogue a permanencia na primeira división no partido contra a Real Sociedade, en San Sebastián, o vindeiro 20 de maio e coido que o Concello (o Celta é de todos e a todos nos convén que permaneza en primeira división), debe volver darlle o seu apoio.

Por último dicir que para organizar do mellor xeito posíbel esa viaxe, o Concello debería procurar a axuda da Federación de Peñas Celtistas.

Consonte co antedito propoñemos:

Que o Concello de Vigo financie e xestione con RENFE a posta en servizo dun tren especial, para que os afeccionados que así o desexen poidan acompañar ó Celta coa finalidade de lle dar ánimos no seu partido contra a Real Sociedade, o 20 de maio próximo en San Sebastián.”

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 23 de abril, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: Comprendo que esta moción pode ser controvertida porque hai persoas que ó mellor pensan que habería que investir os cartos da Corporación noutras cousas, xa son o primeiro no dicir. Pero logo de dicir isto déixenme dicir que un Goberno municipal ten que ser quen de traballar e atender a todas as fronteiras que se lle presentan na cidade.

Ó Partido Galeguista parécelle que o Celta é un ben estimable para a cidade, que é o primeiro estandarte que espalla o nome de Vigo polo mundo adiante e polo tanto, independentemente do espectáculo deportivo que non é desprezable porque en cada partido que se xoga en Balaídos hai por riba das vinte mil persoas, hai outra cousa que é tan ou máis importante ca esta que son os beneficios indirectos que a cidade recibe de parte do Real Club Celta, por suposto de parte dos “siareiros” que veñen doutros lugares, pero esa promoción de Vigo que fai o Celta no campo, moi

singularmente do turismo en canto que axuda a espallar o coñecemento da nosa cidade, parécenos un tema importante.

Se o Concello de Vigo tivese que investir nunha campaña de publicidade capaz de levar o nome de Vigo ós ámbitos europeos ós que o ten levado o Celta, custaríalle infinitamente máis, xa non só do que custa esta modesta moción, senón que das cousas que está a facer o Concello en colaboración co Real Club Celta.

Xa que logo coido que é importante porque si é certo que eses beneficios se producen cando o Celta está na Primeira División, se non é así esa proxección queda moi reducida e limitada e velaí a nosa proposición.

Xa digo na moción que non sería nova no sentido que xa se fixo unha vez na historia cando fomos a Sestao e deu bos resultados e esperemos que isto serva ó Celta como balón de osíxeno en canto que os xogadores o necesitan; xa sei que son profesionais, que cobran moitos cartos, etc., pero as veces cando se meten no campo de xogo teñen a moral quebradiza como xa se mirou onte.

Axudalos a que esa moral sexa alta para defender o nome do noso equipo e que realmente se poida seguir proxectando dende a primeira división no mundo do fútbol con todos os datos, neste caso colaterais positivos que se producen por espallar o nome da nosa cidade, velaí por que propoñemos esta moción que na nosa opinión debера facerse en colaboración coa Federación de Peñas para organizar ese tren especial para que os *siareiros* que queira poidan ir dar o seu apoio nese partido que será transcendental contra a Real Sociedade de San Sebastián.

SR. FIGUEROA VILA: Temos claro que queremos axudar ó Celta e a todos os que nos visiten pero ao che debo non queremos isto, se a Corporación acepta maioritariamente e podemos facer unha tramitación deste expediente contra unha modificación de crédito ben, pero o que si está claro é que non imos tomar unha decisión se non temos cartos porque non os temos. A día de hoxe non hai cartos para esta partida por tanto me gustaría escoitar o que decide a Corporación.

Se hai unha maioría suficiente da Corporación para levar isto a cabo gustaríame facelo pero que se saiba que hai que facer unha modificación de crédito para facer unha achega; un tren con 320 persoas custará entre 41.000 e 45.000 euros. Se a

Corporación decide apoialo, farémolo pero facer discursos demagóxicos para logo deixar ao che debo e non saber quen o vai pagar, nós aí non entramos.

Se a Corporación decide aprobalo, habilitaremos a operación para facer a tramitación deste expediente encantados; senón evidentemente diremos que non ou absterémonos.

SR. TOBA GIRÓN: Nós limos a moción do Sr. Soto e o que propón é que se poida dispoñer dun sistema de transporte que permita trasladar unha parte da afección a animar ó equipo a Donosti, ó partido coa Real Sociedade. Baixo o noso punto de vista que non quede pola afección, dicía o Sr. Soto que hai que reforzar a moral do equipo e non seremos nós quen poñamos ningunha pexa non vaia ser que sexa por cuestión de 41.000 euros como dicía o Sr. Figueroa. Nós aceptamos.

Estamos dispostos a votar a favor e ademais dicimos que non hai ningún problema. Por suposto vai ser necesaria unha transferencia de crédito porque esa partida non existe na prórroga pero non necesitan vostedes moverse moito: programas europeos, 246.332,87 euros teñen vostedes no programa da Alcaldía. De aí poden quitar 41.000 euros sen ningún problema cunha transferencia ou modificación de crédito.

Por certo, xa lles anuncio que non teñen problemas porque segundo a liquidación do 2006 vostedes quitaron de aí 150.000 euros que supoño que foron parar ó programa Vigo 2005-2007 que pasou de 150.000 euros a 630.000. Ou sexa que non se preocupen que non necesitan ningunha operación máis que crear a partida e un suplemento de crédito derivado de calquera das partidas que eu atopo na liquidación orzamentaria sen necesidade de reunir ó Pleno, poden facelo vostedes dentro do propio capítulo II.

Con esa condición e por suposto e en todo caso o noso voto queda condicionado a que no seu día exista informe da Intervención Xeral, é dicir, co condicionante de que todo se faga axeitadamente, votaremos a favor.

A PRESIDENCIA: Estou consultando ó Sr. interventor se a proposta que está a facer o Sr. Toba se podería facer.

SR. TOBA GIRÓN: Perdón, Sra. Presidenta, eu estaba expresando que non hai ningún problema na prórroga orzamentaria para atender a esa cantidade, non quero dicir que vostede se lurpie a si mesma a partida de programas europeos. Seguro que hai máis partidas dentro da prórroga orzamentaria das que, cunha modificación de crédito moi sinxela, se poden sacar 41.000 euros. Téñoas aquí diante na liquidación de 2006.

Sra. Presidenta, por suposto que eu non me atrevería a ditar un expediente administrativo dende aquí.

A PRESIDENCIA: Entón poñémolo en mans do interventor para que busque a fórmula.

Precisión feita polo voceiro do BNG, Sr. Toba Girón, durante o curso do debate:

O Grupo municipal do BNG vota favorablemente condicionado a que no seu día se instrúa o correspondente expediente pola Intervención Xeral.

(Están ausentes os Sres. Alonso Vázquez, Comesaña Abalde e Iglesias Carrera e as Sras. Graña Abalde e Polo Lima).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con quince votos a favor dos Sres. e Sras. Bermúdez Pérez, Coello Bufill, Cotobade Tombo, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Soto Ferreiro, Toba Girón, Viéitez Alonso e a Presidencia, e sete abstencións dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Garrido González, Losada Alvarez, Ruiz Cenicerros e Sío Lourido,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

Segundo.- Instar á Intervención Xeral e á Presidencia á incoación dun expediente de modificación de crédito no que se materialice a consignación de gasto suficiente para facer fronte ás obrigas contraídas.

5.- (41).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PG
RELATIVA Ó PORTO DE VIGO E ÁS AUTOESTRADAS DO MAR.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 23 de abril de 2007, o voceiro do Grupo Municipal do Partido Galeguista, Sr. Soto Ferreiro, formula a seguinte moción:

“O porto de Vigo ten sido a principal fonte de riqueza, non só para a nosa cidade, senón para Galicia enteira. E o principal xeito de preservarmos un bo futuro para Vigo, para súa contorna e para Galicia é adaptando o porto de Vigo ás necesidades dos transportes dos novos tempos.

Hoxe en día, as autoestradas do mar parecen indispensábeis para o noso futuro, polo que o Concello debe realizar unha exhaustiva análise dos nosos valores cidadáns e portuarios, e tamén dos que puideran ter os nosos potenciais competidores, cara ó establecemento de Vigo como unha das cabeceiras das autoestradas do mar.

Esa análise deberá plasmarse nun documento suficientemente ben documentado para podermos defender a nosa causa con éxito, o que redundará tamén, polo que dixemos, no éxito de Galicia.

Na medida do posíbel no amentado estudo, que deberá ser todo o extenso e profundo que deba, sería altamente positivo que participasen a Autoridade Portuaria e máis todos os grupos empresariais relacionados co porto.

Sen prexuízo do dito, debemos chantar as nosas peticións diante da Xunta de Galicia, diante do Parlamento Galego e diante do Goberno de España.

E xa, porque a ambigüidade do Sr. Presidente da Xunta de Galicia (cunha especie de “xa veremos”), sobre este tema capital para o noso futuro deixounos arrepiados, porque ou o Sr. Presidente non ten ni idea dun tema tan capital para o futuro da economía galega, ou peor.... E a Sra. Conselleira de Ordenación do Territorio tampouco foi moito máis explícita...

Moitos galegos temos moi presente o dilapido económico que está a significar a decisión dos gobernos de España, do PP primeiro e logo do PSdeG-PSOE, para comezar a construír un macro-porto na Coruña, xusto enfronte dun gran porto case acabado no Ferrol. (Por que non van facer ó norte o ensaio de salvamento ó parecer previsto para nosa Ría, se a gran maioría dos desastres marítimos téñense producido na zona da costa da morte? Seguro que debemos deixarlles facer estas potencialmente agresivas “*probaturas*” na Ría de Vigo? Por se acaso quede claro que o PG non admitirá que se estableza un porto dos chamados de refuxio na nosa Ría, ou para que se está a facer ese bárbaro investimento no novo porto da Coruña. Non se dixo no seu día que era para solucionar problemas coma os do Prestige?)

Defendámonos a tempo e en forma, defendamos o noso porto. E se chega o caso (que Deus non queira), a nosa Ría...

Dende logo quede claro que para o Partido Galeguista este asunto, xunto cunha traza conveniente da Alta Velocidade, parécennos indispensábeis cara a un posíbel acordo para gobernar axeitadamente a nosa cidade.

Polo antedito propoñemos:

- 1.- Dirixirnos á Xunta de Galicia e ó Parlamento Galego, para que avoguen diante do Goberno de España e na Unión Europea co obxectivo de que o porto de Vigo sexa unha cabeceira das chamadas autoestradas do mar.
- 2.- Dirixirnos ó Pleno da Deputación de Pontevedra para que defenda estas xustas aspiracións do porto de Vigo.
- 3.- Asemade, dirixirnos ó Goberno de España en idéntico sentido.”

A comisión informativa de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, en sesión de data 23 de abril de 2007, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: En relación coas autoestradas do mar, un ás veces non sabe dicir que é o máis importante pero se falara sen medos diría que é a operación máis importante para crear emprego que se poida establecer en Vigo durante moitos anos. A miña dúbida en todo caso é con respecto ó tema da alta velocidade.

O tema das autoestradas do mar ten unha capacidade de xeración de emprego realmente importante e coido que dende o Goberno municipal se lle está prestando unha nula preocupación traducida en que realmente o Concello non está a facer o que deba. Dicir tamén que en principio á institución que lle corresponde traballar neste eido é a Autoridade Portuaria de Vigo, naturalmente. Pero non é menos certo que o Concello de Vigo non poder permanecer alleo a algo que é consubstancial para o seu futuro e o seu desenvolvemento e está permanecendo alleo.

Debemos implicármonos como Corporación, debemos facer estudos complementarios dos que teña que facer a Autoridade Portuaria para avaliar á nosa cidade diante doutras porque, non se enganen, non é un sinxelo esquema de porto contra porto; é porto-cidade contra porto-cidade, un sistema comunicacións ou sistema intermodal con outras formas de comunicacións que o sistema porto *versus*

porto. Que dende o Porto de Vigo se estea a traballar nesta última forma, mesmo no porto-comunicacións pode ser, pero quen mellor pode defender os aspectos máis positivos da cidade é o propio Concello.

Por iso me parece que dende o Concello de Vigo temos que facer estudos complementarios dos que teña que facer o Porto para traballarmos na mesma dirección e polo tanto, claro está, falo dunha colaboración coa Autoridade Portuaria neste mester.

Preocúpanos a audiencia que neste tema poidamos ter. Vigo nos últimos tempos non ten sido escoitado como merece e debe polas distintas institucións e neste tema concreto preocúpanos gravemente. Xusto por iso queremos involucrar ó conxunto da Corporación, non queremos que sexa un tema dun goberno dunha cor contra outro doutra cor. Queremos que todos sexamos os que defendamos a necesidade de que o porto de Vigo sexa unha cabeceira das autoestradas do mar.

Poderase facerse técnico como é necesario, algúns pensamos que ten que medrar de xeito determinado, naturalmente discutiremos de que xeito, para ter superficie portuaria capaz de competir con outros portos; outros poden pensar que se pode facer doutros xeitos pero o que non cabe a menor dúbida é que todos temos que poñer enriba da mesa os mellores argumentos, dende o punto de vista cidadán e dende o punto de vista do Concello.

Algunhas das manifestacións que temos escoitado nos últimos tempos preocúpanos. Cando ó Sr. presidente da Xunta de Galicia lle preguntan se cre que Vigo debe ser unha das cabeceiras da autoestradas do mar, escoitar que a resposta é o silencio; ou ultimamente escoitar a Sra. Conselleira de Ordenación do Territorio dicir que hai varios portos en Galicia que poden ser, eu pediríalle á Sra. Consellería os estudos técnicos que avalían a súa información para ver que portos teñen a capacidade de competir co Porto de Vigo agora mesmo nas infraestruturas e na capacidade necesaria para ser cabeceira de autoestrada do mar. Como falou en plural, gustaríame saber que portos ha en Galicia que o poden ser.

Se é iso o que pensa o Goberno de Galicia porque, falemos claro, poden ser dúas cousas; pode ser que estamos nun momento delicado e non se quere dicir nada fixo para non amolar a algún lugar, entón iso pode ter unha xustificación aínda que ese tipo de facer política a min non me gusta.

Agora ben, se realmente iso resposta a que dende a Xunta e o Goberno de Galicia estase a pensar que Vigo é un porto máis dos que hai en Galicia e que poder ser un de tantos á hora de establecer autoestradas do mar, entón o tema sería altamente preocupante e razón de máis para que o Concello de Vigo teña que facer estudos obxectivos para demostrar o que calquera, mesmo sen ser conselleiro de Ordenación do Territorio, debería saber: que o Porto de Vigo é con moita diferenza o máis importante de Galicia, o que obxectivamente ten mellores condicións de todo tipo e co que ten hoxe, xa non digo co que debería ter.

Se se ignora iso conviría que se empapasen nas realidades obxectivas do noso porto e dos outros ou realmente se estaría prexudicando, obxectivamente e sen razón, gravemente ó porto de Vigo e polo tanto a Vigo e a Galicia.

Á vista diso pedimos que nos dirixamos á Xunta de Galicia e ó Parlamento Galego para que avoguen diante do Goberno de España e na unión Europea co obxectivo que o porto de Vigo sexa unha das cabeceiras das chamadas autoestradas do mar. Tamén ó Pleno da Deputación de Pontevedra para que defenda estas xustas aspiracións do porto de Vigo. Por último pedimos dirixírmonos ó Goberno de España en idéntico sentido.

Non puxen na resolución para non facer algo que poida ser dubidoso pero que quede claro que se eu fose alcalde de Vigo en primeiro lugar xa estarían feitos os estudos hai tempo, pero se chegase selo agora empezaría a facer a correr todos os estudos que axuden a que o Porto de Vigo sexa cabeceira das autoestradas do mar. Hai sobrados datos obxectivos para poñer enriba da mesa para que así sexa e en todo caso que non sexa porque cometamos o grave erro de omisión de non defender un dos temas máis transcendentais, senón é o máis, para a creación de emprego en Vigo e en Galicia nos próximos moitos anos.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Parécenos un tema moi importante para a cidade, para o porto e para Galicia e por iso non podemos deixar de intervir nesta moción na que eu penso que as peticións, que é o que realmente interesa, pecan un pouco de desorientación porque entre outras cousas a terceira petición é dirixírmonos ó Goberno de España no sentido de converter Vigo nunha das cabeceiras das chamadas autoestradas do mar.

Para información de todos dicir que este é un tema claramente pulado por unha serie de gobernos na Unión Europea, nalgunha ocasión coa Unión Europea directamente, noutras mediante acordos bilaterais e o que importa é ter moi claro como se vai decidir o tema das autoestradas. Vaise decidir fundamentalmente con realidades, co que son os portos e co que van ser nun próximo futuro. Nese sentido dende dende todos os portos seguro, pero o que coñecemos máis é o Porto de Vigo e estase traballando a fondo para que sexa precisamente o noso Porto a primeira cabeceira das chamadas autoestradas do mar. Faise con proxectos concretos pero só vou falar de dous deles.

Un é un proxecto hispano-francés, deses temas que se acordan entre diversos estados e non en toda a Unión Europea, está publicado no BOE o 17 de abril de 2007. As propostas para ese concurso se teñen que presentar antes do 3 de setembro de 2007. Estase traballando arreo por parte do Porto de Vigo para que se teñan en conta as grandes características de seu para iso porque entre outras cousas os requisitos do concurso, no que obviamente quen vai xogar moito son o propio porto e as navieiras privadas que son as que deciden a utilización desas autoestradas ou non, cúmprense sobradamente.

Para comezar coa máis importante que obviamente é o tráfico mínimo esixido no primeiro ano da explotación, xa existe entre Vigo e Nantes Saint Nazaire, así como en todos os aspectos das infraestruturas nas que temos considerable vantaxe respecto ó resto dos portos de España. Neste sentido este concurso é para o Arco Atlántico, exclusivamente para os portos de Francia e España. Pero é que outro proxecto como o West Most ou The Motor West of de Sea, falan precisamente da implantación das estradas do mar neste caso participando máis países: España, Francia, Italia e Irlanda. Este proxecto conta cunha subvención de tres millóns por parte da Comunidade Europea e é o que está servindo para realizar os estudos necesarios, tanto de mercado como económicos-financeiros, no que o Porto de Vigo está absolutamente traballando abondo.

Neste proxecto no que se está investindo unha cantidade importante só neste caso xoga tanto o lado atlántico como o Mediterráneo no que se refire á Península Ibérica, Vigo participa xunto con once portos españois dos que só un é galego, o do Ferrol.

Este estudo que se está realizando xa dende hai tempo, obviamente permite sacar bastante en claro que Vigo opta claramente a seren unha das primeiras cabeceiras das autoestradas do mar, pero iso o van resolver precisamente os gobernos de España e Francia. Por exemplo no proxecto do que estaba a falar nun primeiro intre é un concurso, tense que resolver e semella que é obvio que o que ten que decidir o goberno central ó respecto é quen cumpre os puntos que esixe o concurso con maior claridade.

Aí é onde temos as maiores vantaxes e todo o que se faga ó respecto tanto dende o Concello como dende a Deputación ou da Xunta de Galicia, coido que pode ser enormemente importante pero o primeiro que hai que salientar aquí é que o que hai que apoiar claramente, que coido non se entende moi ben na moción, son todas as propostas que faga o Porto de Vigo. Iso é o primeiro.

Da exposición de motivos que limos mellor non facer moito caso porque se mestura un pouco de todo, pero salienta que sobre os comentarios respecto ó presidente da Xunta ou da conselleira de Política Territorial coido que todos entendemos cal ten que ser o papel dos representantes institucionais neste tema no que van poñer toda a carne no asador precisamente para apoiar ós portos mellor situados, pero sería absurdo que cando se están abrindo concursos e se teñen que cumprir unhas determinadas condicións, xa adianten cal vai ser a solución deses concurso.

Clarificado un pouco isto para que se entenda que este é un tema que vai ser moi longo, no que se está traballando xa dende hai moito tempo e no que Vigo está moi claramente en boa posición, o apoio á moción pola nosa banda pode quedar perfectamente claro se o entendemos como que todas estas institucións, empezando polo Concello, acheguen todo o que poidan para que sexa real esa posibilidade de seren primeira cabeceira das autoestradas do mar.

SR. FIGUEROA VILA: Nós imos votar a favor pero lle queremos dicir ó Sr. Soto que dende a Alcaldía e dende o goberno de Vigo se fixeron as xestións axeitadas con achegamento de documentación, tanto ó goberno de España como ó organismo competente da Unión Europea e que imos seguir traballando na mesma dirección. Penso que este é un tema no que todas as institucións debemos traballar no mesmo sentido e polo tanto parécenos ben se esta moción é para fornecer ese

traballo que se está facendo por parte de todos. Continuemos nese traballo que ó final é o interesante.

Esperemos que se poida facer a concreción, que cando se tome a decisión, todo ese traballo que fixemos ata agora todas as institucións e todas as persoas con responsabilidade, nos sirva para acadar entre todos o obxectivo que é o que nos temos que fixar.

SR. SOTO FERREIRO: Teño que tomar a palabra non sexa que semelle que quen cala outorga.

Non coñezo e pero non teño por que coñecer que o goberno mandase algún documento a algunhas partes como di o Sr. Figueroa; de paso gustaríame sabelo, ter datos concretos deses documentos. Pero estou falando de algo diferente, se vostede por fornecer entende que se elabore un *dossier* e que se faga un estudo técnico por parte do Concello de Vigo para complementar outros que poidan existir, polo tanto dixen antes xa que en colaboración coa Autoridade Portuaria en primeiro lugar e vólvoo repetir. Pero en definitiva o Concello “como se non se fíase da Autoridade Portuaria”, porque enténdanme o que digo, estouno dicindo dun xeito metafórico porque estou falando de colaborar con, pois ten que ser quen de elaborar por si mesmo un *dossier* que axude a que Vigo sexa cabeceira das autoestradas do mar.

Sr. Calviño, eu non teño ningunha desorientación, a min preocúpame se a desorientación a ten a Autoridade Portuaria, xa que me fala de desorientado, porque, a que lle chama desorientación? Eu farei unha aposta moi clara que nos dá a autoestrada do mar seguro, se se fai o novo porto que nós pedimos en Punta Chapelisa, con 20 metros de calado e 750.000 metros de superficie para colectores, seguro que nos levamos as autoestradas do mar. Pero non vexo ó Porto, nin polo tanto ó Ministerio de Fomento falar desa aposta.

A aposta antes do goberno do PP e agora do goberno socialista foi facer un super porto na Coruña para, competir co de Vigo? Non o sei porque non saben moi ben para o que é. Recentemente lin un periódico e o director xeral de Portos dicía que alí non van ir colectores, entón, que vai ir nese super porto no que estamos gastando unha fortuna incalculable por parte do goberno de España dos petos de todos os españois? Eu non entendo a política portuaria e por iso digo que

desnortados estarán outros. Eu podo estar errado, non digo que non, non pretendo que as miñas opinións sexan verdades absolutas pero de desnortado nada, sabemos moi ben o que queremos no Partido Galeguista.

Por último e falando de desnortes paréceme que a Autoridade Portuaria, independentemente xa de se se fai outro porto ou non, que é a nosa aposta e a nosa proposta para liberar xa de paso O Areal e longos etcéteras que vostedes coñecen, necesita outra cousa. Precísase outra aposta e vostede fala con razón de Vigo-Saint Nazaire, pero Vigo-Saint Nazaire está ocupado fundamentalmente polos vehículos de Citröen e o novo director de Citröen e o antigo din que non lles chega a plataforma portuaria que teñen.

Por iso falo de que o Concello de Vigo ten que tomar datos obxectivos, presentarse con institucións dese calibre e saber e poñer enriba da mesa obxectivamente que é o que pasa e que é o que se precisa como porto, ou estamos falando a ollo? Nós non o facemos así, falamos cos consignatarios e con todos os usuarios do porto de Vigo para lles dicir datos de que porto na nosa opinión se debería poñer a funcionar aí. Estar desnortado é estar en todo caso non atendendo a un dos principais usuarios do porto, nós falamos con eles e nin os consignatarios, nin Citröen están de acordo co que di o Sr. Caballero. Onde está pois o desnorte?

Se vostede non me dixera o do desnorte ó mellor non lle citaríase isto porque a moción é para dicir que traballemos todos e tiremos do mesmo carro. Pero por favor, se quere seguimos falando do desnorte que está onde está.

Que porto de Vigo precisamos? Eu non me fío do que faga a Autoridade Portuaria para contentar votos aquí ou alá, nin das miserentas achegas que está dando o Ministerio de Fomento. Ten que ser o Concello de Vigo quen defenda en primeiro lugar o porto que precisamos porque a Autoridade Portuaria é un “brazo armado” do Ministerio de Fomento que está investindo esas barbaridades na Coruña e “*cero patatero*” practicamente en Vigo.

Se quería razóns aí as ten pero de desnorte ren de ren, poderá estar de acordo ou non co que digo pero llo digo honestamente, nin para amolar a Autoridade Portuaria, nin ó goberno de España, nin ó de ningún lado, dígollo para defender a Vigo. Que me podo equivocar? Esa pode ser a súa opinión pero dende logo que de desnorte nada.

(Están ausentes os Sres. Alonso Vázquez, Comesaña Abalde e Iglesias Carrera e a Sra. Graña Barcia).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo Municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro, relativa ó porto de Vigo e as autoestradas do mar, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

6.- (42).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG
INSTANDO A REALIZACIÓN DUN ESTUDO DE TRÁFICO NO CONTORNO
DO PARQUE DE CASTRELOS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 23 de abril, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, formula a seguinte moción:

“Dende agosto do ano 2000, os veciños das Avenidas Arquitecto Palacios e Castrelos veñen soportando obras no seu contorno, todas elas necesarias e complicadas, nos primeiros anos con autorización ou dirección do Ministerio de Fomento, o que impedía un control e dirección directa dos técnicos do Concello. Isto mudou no ano 2004 ó pasar o primeiro a vial municipal pero non así o segundo que segue pendente de acordo para a súa remodelación a pesar do acordo acadado no Pleno logo dunha moción do BNG.

Pola negociación cos veciños no ano 2001 e por acordo plenario que o apoia no ano 2006, tamén por moción do BNG, dotouse de orzamento ó proxecto da nova ponte do Pontillón actualmente en construción.

Por avatares políticos, tocoulle a vostede facer as inauguracións neste contorno dende principio do seu mandato, personalizándoas totalmente como propias, cousa incerta como ben sabe, así como o inicio das novas obras proxectadas por outra Corporación, cousas da política; no dito contorno vostede non fixo ningunha obra propia.

Os veciños e veciñas da Avda. de Castrelos non poden ser “castigados” coa súa falla de xestión para acadar acordo, os comerciantes non poden seguir soportando

ó seu abandono e que o treito final de sentido único teña un trato similar ó resto da Avda. hoxe é posible. Faga unha visita de xeito inmediato e poderá comprobar que o caos de tráfico se produce dende As Travesas ata Arquitecto Palacios, posto que dende a entrada en servizo da VG20 o tráfico pesado, por fin, case non o soportan na zona.

Polo exposto, o Grupo municipal do BNG propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

O Pleno da Corporación insta á Alcaldía-Presidencia a ordenar o estudo e mellora do tráfico no contorno do Parque de Castrelos e a posibilidade de autorizar zonas de aparcadoiro de carga e descarga no treito final da Avenida de Castrelos.”

A comisión informativa de Mobilidade e Seguridade, en sesión do 23 de abril, quedou enterada do contido da anterior moción.

INTERVENCIÓN DO SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Esta é unha desas mocións que lle dá importancia a cousas que algúns padecen e pódolles asegurar que cando no ano 2000 se modificou de verdade o tráfico nesta cidade e se fixo que Fragoso fose nun só sentido, que a avenida de Castrelos e Balaídos tamén fosen dun só sentido, todo isto tiña un significado e era que había un colapso de tráfico manifesto porque esta cidade carecía dunhas infraestruturas que se fala delas pero as hai que facer e sempre lle toca a quen ten a coraxe das facer. Esas infraestruturas están hoxe en servizo, liberaron estas zonas dun tráfico que a cidade non precisa que é o tráfico pesado, Penso que cando se fai unha remodelación de tráfico haia que facer a modo e sen ningún tipo de atranco.

Sempre se nos enche a boca co parque de Castrelos dicindo que é o mellor parque urbano desta terra, da nosa cidade por suposto, pero segue padecendo polo seu medio o tráfico. Parece ser que non hai outra solución pero por fin está a piques de que isto mude porque a ponte do Pontillón si vai ser un feito.

Coido que hai que programar co tempo que precisen os funcionarios que teñen que polo menos facer proposta, levando sempre a dirección política a persoa que lle corresponda. Neste caso observarían que na avenida de Castrelos, dende As Travesas ata Arquitecto Palacios hai dobre, triplo fileira, aparcadoiro en batería, en liña, etc., un sentido único pero un caos de tráfico. Logo, dende a avenida Arquitecto Palacios ata Portanet só hai casas nun lado e non se pode nin aparcar, nin descargar, nin nada, o que ven demostrar que algo hai que mudar.

Facendo un estudo de conxunto, pensando que as condicións das infraestruturas van mudar, non porque non se lles pedira por parte de quen lles está a falar e dende o meu grupo, posto que hai mocións aprobadas, a proposta que facemos é que inste, Sra. Alcaldesa, ó Concello responsable para que poña en marcha de verdade, con coraxe, os estudos de tráfico que se precisan nesa zona logo de que cambiaran as condicións que tivo e o parque de Castrelos, que ten que seren visitado polos veciños e veciñas e por quen chega a esta cidade, sirva para ir velo pero non para seren un vial, unha corre道ira por dicir dalgún xeito, pola que ten que pasar o tráfico.

É bastante fácil de entender que esta moción, que ven ó final dun mandato, é para que non se esqueza de que os cidadáns de Balaídos necesitan que se estuden en conxunto todas as remodelacións que precisan por ter mudado as condicións; o Parque de Castrelos está pedindo a berros que dunha vez por todas sexa un parque para visitar e non para pasar os coches. Que se faga como noutras cidades que se anulou o tráfico rodado aínda que se poida acceder.

Esta é a petición que facemos nesta moción que non é tan importante coma outras pero si vai facer que a xente que está a padecer día a día e ter que pechar negocios porque non poden nin descargar, ó mellor poidan recuperar a puxanza económica que tiveron. Poden visitar a zona neste momento e comprobaran que é certo o que lles estou a dicir.

(Están ausentes os Sres. Alonso Vázquez, Comesaña Abalde e Iglesias Carrera e a Sra. Graña Barcia).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade do vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, instando a realización dun estudo de tráfico no contorno do Parque de Castrelos, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

7.- (43).-ROGOS E PREGUNTAS.

- * PREGUNTAS DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. COTOBADE TOMBO, RELATIVAS Á ESCOLA DE ARTES E OFICIOS.

SR. COTOBADE TOMBO: Teño dúas preguntas relacionadas coa Escola de Artes e Oficios. A última xuntanza do Padroado da Xunta Reitora tivo lugar o ano pasado, estamos no 2007 sen aínda ter ningunha reunión desa Xunta Reitora. Nesa última xuntanza acordouse crear unha comisión para o estudo de determinados documentos da Escola que son absolutamente necesarios, como é o proxecto educativo, o proxecto curricular do centro ou o regulamento de réxime interno.

Eu formo parte desa comisión designado polo meu partido, o Bloque Nacionalista Galego, pero ata o día de hoxe, 30 de abril, non tiveron ningunha comunicación de que vaia haber unha xuntanza polo que a miña pregunta é saber se antes de que remate o mandato desta Corporación teremos esa primeira xuntanza ou non.

A segunda pregunta ten que ver cos traballadores e traballadoras da Escola de Artes e Oficios xa que dun cadro de persoal de vinte e dúas persoas, só seis teñen carácter fixo, os outros dezaseis son contratados ou interinos e algúns mesmo con máis de dez anos de antigüidade. Querería saber se hai algún plano de estabilidade para estes traballadores e traballadoras que antes de que remate o mes de xuño van elaborar o proxecto docente, vaise aprobar e eles rematan o seu contrato o 30 de xuño.

Non ten moito sentido que estes mesmos mestres e mestras que redactan este proxecto logo resulta que rematan o contrato e non saben se van ser contratados novamente ou non. Gustaríame ter a resposta a estas dúas preguntas.

A PRESIDENCIA: Responderáselle.

- * PREGUNTA DA CONCELLEIRA SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO, DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, RELATIVA ÁS CONDICIÓN DE TRABAJO DAS TRABALLADORAS DOS CENTROS DE ATENCIÓN DO CONCELLO.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Este rogo vai un pouco na mesma liña na que falaba o meu compañeiro Carlos Cotobad. Dende hai tempo estase a denunciar polos diferentes grupos da oposición e dende logo polo noso grupo, a precariedade laboral que se está a sufrir neste Concello, non só dos traballadores do propio Concello senón tamén dos traballadores das concesionarias que se controlan polo Goberno.

Estamos vendo que moitas veces están sendo sometidos a condicións laborais inadmisibles. Recentemente soubemos pola prensa dos problemas que teñen e das condicións laborais en que están as traballadoras dos centros de atención municipal. Polo que limos e polo que sabemos, posto que eu tamén fun concelleira de Participación Cidadá, estas traballadoras desempeñan funcións de auxiliares administrativas e como tal foron contratadas, coido lembrar que no ano 2003 pola empresa Linder. Pois a pesar de seguir desenvolvendo as mesmas funcións, os pregos de condicións que rexeron as sucesivas contratacións de empresas que viñeron logo, primeiro Atlas e logo Eulen, non se sabe moi ben por que pasaron no ano 2004 a ser consideradas conserxes cunha redución considerable a nivel laboral da contía económica.

Gracias a estas persoas están funcionando os centros de atención municipal e cando lemos os pregos de condicións tamén vemos que unha das condicións que se poñía á empresa era que se tiña que formar ás traballadoras e que un 25% era precisamente para lles dar esa formación. Pois que nos conste esa formación non se deu nestes momentos. Cremos que vai non só en contra das propias traballadoras senón que pode repercutir negativamente en todos os cidadáns de Vigo que acoden a estes centros.

Creemos que o Goberno municipal, coa súa alcaldesa ó fronte, ten que actuar neste intre sobre estas concesionarias e sobre todo o que signifique precariedade laboral, non podemos seguir mirando para outro lado e dicindo, como nos consta que dixo a Sra. Concelleira de Participación Cidadá, que as empresas están cumprindo. Se non cumpren hai que controlar ás concesionarias.

O rogo vai no sentido de que a Sra. Alcaldesa exerza como tal e que controle ás concesionarias, que as concesionarias cumpran as condicións e que este Goberno non sega a apostar pola precariedade dos traballadores.

* ROGO DA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO RELATIVO ÓS TRIBUNAIS DOS EXAMES DA OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Como todos e todas sabemos estamos en oposicións coa oferta pública de emprego. Cando esta oferta se convocou o noso grupo e supoño que moitos de nós, dixemos que este non era o mellor momento, que era moi tarde, que estamos nun mal momento. Efectivamente estamos a comprobalo.

Os tribunais estanse convocando, loxicamente os membros do Goberno os presiden todos e a sorpresa é que cando se trata de constituír os tribunais o que acontece maiormente é que moitos membros do Goberno están en tres tribunais á vez co que é imposible que se constituán ás mesmas horas.

Non só iso senón que cando se trata das correccións, os membros do Goberno que en moitas ocasións tiñan que estar presentes, non o están porque hai que vender electoralmente o que se está facendo na cidade, os logros, co cal estase deixando nas mans do resto dos compoñentes dos tribunais o traballo das correccións e outras moitas cousas o que non se pode permitir, estase atrasando todo o trámite porque non se cumpre como debería.

O meu rogo vai no sentido de que non se deixe este tema a mercé dos membros do Goberno, senón que se responsabilicen verdadeiramente, hai unhas oposicións e todos os membros dos tribunais incluído o goberno teñen que estar presentes porque presiden estes tribunais.

E sen ter máis asuntos para tratar, a Presidencia deu por rematada a sesión, ás once horas e trinta minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excm. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

M^a Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.

DILIXENCIA:

Esténdese para facer constar que a presente acta corresponde á sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2007. Consta de 22 folios da serie A numerados do 1593521 ao 1593541, e números do 218 ao 238 Aprobouse na sesión extraordinaria do Pleno do día 13 de xuño de 2007.

Vigo, a 13 de xuño de 2007
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda